

ACTA DA MESA SECTORIAL DO 19 DE XULLO DE 2019

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
Mª José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.
Manuel Díaz López.- Xefe do Servizo de Selección Temporal.
Javier García Caoiro.- Xefe do servizo de Relacións Laborais.
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais:

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)
Antonia Méndez-Benegassi Gamallo (CESM-O'MEGA)
Marina Tallón Garrido (CESM-O'MEGA)
Emilia Lamas Seoane (CCOO)
Javier González Castro (CCOO)
Luz Fernández Tuñas (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)
Carmen García Rivas (SATSE)
Enma Rodríguez Corte (SATSE)

Lugar : Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 11:30 h. Hora de remate: 13:45 h.

Asistentes: Os membros da mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

1.- Baremo de carreira profesional, convocatoria 2020 (acordo adoptado na reunión da comisión de seguimento do 28 de xuño de 2019).

2.- Extensión do nomeamento estatutario eventual de continuidade á categoría de enfermeira/o.

3.- Proposta de puntuación adicional nos concursos de traslados que convoque o Servizo Galego de Saúde, aos profesionais da Fundación Urgencias Sanitarias Galicia-061 afectados polo traslado ao CIAE-A Estrada.

4.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada.

5.- Permisos e licenzas do persoal do Servizo Galego de Saúde. Permisos derivados da regulación do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, relativos á igualdade de trato e de oportunidades.

6.- Solicitude de adhesión por parte da organización sindical O'MEGA aos acordos sobre ordenación e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermaría dos puntos

de atención continuada, publicado por orde do 4 de xuño de 2008 (DOG núm.115, do 16 de xuño).

7.- Rogos e preguntas.

1.- Baremo de carreira profesional, convocatoria 2020 (acordo adoptado na reunión da comisión de seguimento do 28 de xuño de 2019).

Directora xeral de Recursos Humanos.- Explica o contido do acordo, remitido coa convocatoria desta reunión, e que foi adoptado pola comisión de seguimento do acordo de carreira profesional o pasado 28 de xuño. Pide a súa ratificación na mesa.

As organizacións asinantes do acordo (CIG, CSIF, SATSE, UGT e CESM) ratifican o baremo. Un portavoz de O'MEGA manifesta o seu apoio, e solicita a incorporación á carreira profesional do persoal eventual.

CCOO.- Non pode apoiar este baremo porque non asinou o acordo de carreira profesional (vai en contra da normativa, pois non permite acceder a todo o persoal).

Directora xeral de Recursos Humanos.- Non hai sentenzas ao respecto. Queda ratificado o acordo do 28 de xuño. Publicarase no DOG.

2.- Extensión do nomeamento estatutario eventual de continuidade á categoría de enfermeira/o.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Explica o contido do acordo, remitido coa convocatoria desta reunión, adoptado o pasado 3 de xullo pola comisión de seguimento do Acordo sobre o nomeamento estatutario eventual de continuidade publicado no DOG do 31 de xaneiro de 2019 (representantes da Administración, CESM-O'MEGA, UGT, CSI-F e SATSE). Incide nos seguintes puntos: este nomeamento promoverá a estabilidade do persoal, evitando nomeamentos sucesivos; non interfere na creación de prazas estruturais; non substitúe o actual sistema de nomeamentos (interinidade, substitución e eventualidade); a súa aceptación e

voluntaria; realizarase para prestar servizos ben no ámbito da atención hospitalaria (mesmo distrito) ben no ámbito da atención primaria (neste caso nas mesmas condicións ca o persoal médico de familia: unidades ou PACs). O persoal que traballe en unidades de primaria non terá que facer gardas en PAC. Xornada: a mesma que o resto de persoal. Con carácter xeral estará fixado mensualmente, como mínimo, o oitenta por cento da carteleira. Estudo de necesidades estruturais nos termos xa acordados. Solicítase a ratificación na Mesa Sectorial.

Rolda de intervencións

CIG.- Hai que respectar a Mesa Sectorial. Non se ratifica o acordo, polas mesmas razóns que foi rexeitado o nomeamento de continuidade do persoal médico. Non se pode traballar en tantos sitios á vez. O problema é a taxa de reposición e os sistemas de nomeamento: hai que cubrir as causas reais das ausencias. Prazas estruturais: nesas condicións non. Que se retire o nomeamento, e sobre todo o que se refire á creación de prazas estruturais.

Directora xeral de Recursos Humanos.- O Acordo non di que se crearán prazas estruturais desas características, senón que se procederá ao estudo.

CESM-O'MEGA.- De acordo co documento. Que se estenda o nomeamento ao persoal médico de urxencias hospitalarias.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Irase avanzando na aplicación.

CCOO.- O apartado *segundo* do Acordo di que o nomeamento pode estenderse a outras categorías logo de negociación coas organizacións sindicais. Trátase das organizacións da mesa sectorial, non exclusivamente das asinantes do Acordo. Moitas dúbidas sobre o réxime aplicable: ámbito, carteleiras ...

Directora xeral de Recursos Humanos.- As organizacións sindicais tenden a valorar as competencias das comisións de seguimento en función dos intereses puntuais e da súa participación nas mesmas. No réxime aplicable á enfermería non hai nada novo (todo está acordado anteriormente): ámbito, carteleiras, libranzas ...

UGT.- Neste intre estase a negociar na mesa. O importante é que para este nomeamento se ten en conta a vontade do traballador, e que vai permitir estabilizar prazos.

CSI-F.- Nada que engadir. Favorable ao acordo.

SATSE.- Favorable ao acordo. Este nomeamento é unha opción máis (voluntaria). Farase un seguimento da súa aplicación. Pide que os vínculos se oferten xa coa carteleira.

É ratificado o Acordo do 3 de xullo co apoio de CESM-O'MEGA, UGT, CSI-F e SATSE.

3.- Proposta de puntuación adicional nos concursos de traslados que convoque o Servizo Galego de Saúde, aos profesionais da Fundación Urxencias Sanitarias Galicia-061 afectados polo traslado ao CIAE-A Estrada.

Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico. Explica que o 8 de novembro do 2018, asinouse un acordo entre a Fundación Urxencias Galicia-061 e a Xunta de Persoal con motivo do cambio de centro de traballo ao CIAE- A Estrada, que recolleu entre outros puntos o compromiso da Administración de presentar en Mesa Sectorial proposta de puntuación adicional nos supostos de participar nos concursos de traslados:

“IV. Puntuación adicional no concurso de traslado.

A Administración presentará en Mesa Sectorial proposta na que constará que o persoal estatutario fixo afectado polo traslado ao CIAE, no suposto de optar a destinos en Santiago de Compostela, obterá unha puntuación adicional nos concursos de traslados que convoque o Servizo Galego de Saúde, ata o momento en que resulte adxudicatario de destino. Esta puntuación adicional asignarase aos profesionais que presten servizos efectivamente no CIAE-A Estrada.”

No suposto da categoría de médico/a coordinador/a a proposta será efectiva no momento en que poida realizar a mobilidade fora do 061.

Os profesionais que se poderían encadrar neste momento por esta cláusula son 14: 2 enfermeiros/as, e 12 traballadores de xestión e servizos de categorías de función administrativa e de sistemas e tecnoloxías da información.

Destes 14 profesionais tan só 3 teñen participado no concurso actual. Publicadas as puntuacións provisionais:

- Un profesional resulta adxudicatario de praza en Santiago e ten a puntuación máxima, co que a puntuación adicional non lle cambia a situación.
- Outro traballador ten solicitado destino fora de Santiago, non lle aplicaríase a puntuación.
- O terceiro traballador que participa, solicita destino en Santiago pero en centros (ACIS, ADOS, EOXI, INGO) nos que non hai prazas ofertadas. Só podería ser adxudicatario de prazas a resultas. Logo do listado provisional non se xeraron resultas. Tampouco lle afecta en este concurso a puntuación.

A vista do exposto e da, proposta que hoxe se presenta, esta afectará ás persoas que están participando agora, sempre que continúen participando, recibindo a puntuación adicional ata que consigan destino. Inclúirase a aqueles que decidan participar no concurso do 2020, sempre que continúen participando, conseguirán a puntuación adicional ata que consigan destino.

Entrégase a proposta por escrito ás organizacións sindicais: *“o persoal estatutario fixo da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, afectado polo traslado ao CIAE, que participe no concurso de traslados aberto e permanente dos anos 2019 e 2020 terá dereito a unha puntuación adicional de 0,5 puntos, cando o/s destino/s seleccionado/s estea/n situado/s en Santiago de Compostela. Os/as profesionais que tendo participado en dito proceso non resulten adxudicatarios/as de ningún destino, manterán o dereito a esta puntuación adicional nos sucesivos concursos de traslados que se convoquen, agás que desistan da súa participación, ata que resulten adxudicatarios de algún destino”.*

Na rolda de intervencións, as organizacións sindicais manifestan que é posible que non satisfaga ao persoal afectado, porque é pouca puntuación, pero están de acordo en que se aplique a prevista nos concursos para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar (0,5 puntos). Ratifícase a proposta, pero modificada no sentido de aludir aos “anos 2020 e 2021” ao ter solicitado as organizacións sindicais esa ampliación, dado que o concurso de traslados do 2019 xa está en curso.

4.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Procede tratar na mesa sectorial o acordo acadado o 17 de xullo co comité de folga, para a súa ratificación.

Rolda de intervencións

CIG.- Ratifica o acordo cun sabor agri doce. O punto 4 da proposta previa, relativo á “*liquidación de xornada complementaria*” (co seu anexo explicativo), era moi importante. Lamenta que quedara fóra, pero debe negociarse igualmente na mesa sectorial, a ser posible na segunda quincena de setembro.

CESM-O’MEGA.- Ratifica o acordo. O persoal considera que o cómputo da xornada non é o correcto (tampouco a proposta realizada pola Administración).

CCOO.- As organizacións sindicais convocaron a folga, o comité negociou e hai que congratularse polo acordo. Sempre se defendeu que calquera acordo debería ratificarse na mesa. Solicita que se continúe a negociar na comisión de seguimento dos acordos de 2008 (ademais hai outros asuntos que tratar na mesma). Respecto ás organizacións que non asinaron os acordos de 2008: que se admita a súa adhesión para que sexan parte na negociación.

UGT.- Ratifica o acordo. É importante que se reúna a comisión de seguimento dos acordos.

CSI-F.- Ratifica o acordo. Valorará pedir a adhesión aos acordos de 2008 para participar na comisión de seguimento.

SATSE.- Este conflito foi unha lección para todos. Congratúlase pola equiparación dos complementos (nocturnidade e festividade) cos correspondentes ao persoal de atención hospitalaria. Ratifica o acordo, pero hai que falar da xornada. O punto 5 (“equipos completos”) debe ter prioridade.

Directora xeral de Recursos Humanos.-

O cómputo de xornada que se vén realizando é o adecuado. O punto 4 da proposta e o anexo supoñían realmente, a través dun factor de corrección, unha mellora na interpretación da neutralidade.

Efectivamente, o conflito foi una lección para todos, pero ratifica a importancia de reforzar a capacidade negociadora da mesa sectorial. Queda ratificado o acordo por unanimidade. Desta forma dase cumprimento ao punto 3 da acta do pasado 8 de abril (desconvocatoria da folga de primaria) respecto a acadar unha solución ao conflito existente nos PAC.

5.- Permisos e licenzas do persoal do Servizo Galego de Saúde. Permisos derivados da regulación do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, relativos á igualdade de trato e de oportunidades.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Atendendo ao acordado o 27 de outubro de 2017 (acta de desconvocatoria de folga) procederase a constituír unha comisión técnica delegada da Mesa sectorial para recoller nun documento único a regulación dos distintos permisos e licenzas.

Entrégase e explícase un primeiro documento de traballo, que será logo enviado por correo electrónico, sobre os permisos derivados do *Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, relativos á igualdade de trato e de oportunidades*. Abrese un prazo de alegacións para recoller as achegas das organizacións sindicais (ata o vindeiro 20 de setembro). Despois constituirase a comisión.

6.- Solicitude de adhesión por parte da organización sindical O'MEGA aos acordos de primaria (DOG núm. 115, do 16 de xuño de 2008).

O'MEGA explica a súa solicitude de adhesión aos acordos de atención primaria, xa coñecida polas demais organizacións sindicais (foi enviada por correo electrónico): naquel intre O'MEGA non tiña representación na mesa sectorial. Agora solicitan a adhesión, por separado, porque CESM non pretende adherirse.

Directora xeral de Recursos Humanos.- É dubidoso que se poida solicitar e aceptar esta adhesión, pois aínda non foi constituída a mesa coa composición resultante das eleccións do 23 de maio, na que non estará O'MEGA, e crearíase un precedente complicado.

O'MEGA.- Discrepa, pois neste intre forman parte da mesa.

CIG.- Efectivamente, pode xerar inseguridade xurídica. Haberá un pronunciamento tras o asesoramento oportuno.

CCOO.- Neste intre O'MEGA pode pedir a adhesión, pois a mesa funciona con normalidade. Favorable a admitir a adhesión.

UGT.- Necesita asesorarse antes de pronunciarse.

SATSE.- Podería ser unha solicitude irregular, e admitir a adhesión un agravio para outras organizacións.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Adíase calquera decisión sobre este asunto.

7.- Rogos e preguntas.

CIG.- Como se están a elaborar os orzamentos 2020, é momento de recuperar dereitos: acordos suspendidos, incremento lineal, adaptación do complemento específico, acción social ... / No seu momento se dixo que a modificación da Lei de Saúde non afectaría as condicións de traballo, pero en certas EOIs (Ourense e Santiago) obrigan a persoal facultativo a ir a centros comarcais / Como se publicou nos medios, vaise impulsar a reavalación das xefaturas de servizo? / Coidado coas "xefaturas a tempo parcial" (50 % do traballo para empresas que comparten espazo) / Listas de FEAs: estaba previsto que nestes meses, antes da entrada en vigor, se tramitarían convocatorias específicas para longa duración.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Recuperar dereitos: ten que ser progresivamente, e está a facerse / Sobre o traballo en hospitais comarcais: xa constan escritos de delegados de

CIG; pedirase información / Reavaliacións: unicamente se mandou un recordatorio ás xerencias / Convocatorias FEAs: efectivamente, están autorizadas as convocatorias.

CESM-O'MEGA.- Algunha información sobre as OPE?

Directora xeral de Recursos Humanos.- Xa se informou. En setembro poderán facilitarse máis datos.

CCOO.- Que se convoque a comisión técnica de especialidades de enfermaría, para tratar o concurso específico de enfermaría pediátrica. Hai que aceleralo porque está convocada a OPE / Listas de FEAs: hai que facer, a ser posible en setembro, unha reunión monográfica da comisión de seguimento do pacto.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Si, faranse as dúas reunións en setembro (especialidades de enfermaría e listas FEAs).

CSI-F.- Si, que se convoque en setembro a comisión técnica de especialidades de enfermaría / Hai que facer o seguimento do Plan de estabilidade do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Directora xeral de Recursos Humanos.- En estabilidade cumprimos os obxectivos, pero se verá.

SATSE.- Si á reunión da comisión de especialidades de enfermaría. Reitera a súa reivindicación respecto ao "solape": no cómputo de xornada debería incluírse o tempo que se dedica á transmisión de información.

Logo de tratar os asuntos recollidos na acta, péchase a reunión ás 13.45 horas.